

# A Recuperación Legal do Local Juventud Lerezana: breve crónica dunha longa historia


Jaime Iglesias González



## ANTECEDENTES

Nunha reunión da Asociación de Veciños de Lerez, celebrada en 1982, un vocal solicita da xunta directiva que se *interese pola documentación relativa ó local social no que veñen celebrándose as xuntanzas, aducindo que é un local parroquial edificado polos veciños.* (1) Era a primeira vez que quedaba reflectida nunha acta a inquedanza cidadá sobre o edificio social da Sociedad Juventud Lerezana, fundada en 1929, inxustamente incautado en plena guerra civil de 1936 polo réxime dictatorial que desa guerra xurdiu. A esta demanda responde o presidente da Asociación de Veciños manifestando que *esta non vai intervir de momento neste asunto porque unha sociedade denominada Juventudes Lerezanas -nótese que está en plural- presentara, había pouco tempo, os estatutos para a súa legalización.* (2) Efectivamente os estatutos de Juventudes Lerezanas foran aprobados en 1980 e, tal como insinúa o presidente de Veciños, nace coa clara intención de botar man do edificio, unha vez que deixara de ser escola e teleclub. Pero esta nova asociación, que se saiba, non xestionou a súa devolución legal, probablemente porque xa o consideraban da

súa propiedade. tal como figura nos seus estatutos. (3)

Lexitivamente o edificio Juventud Lerezana era da parroquia, tanto pola súa procedencia, feito por gran número de veciños con aportación de diñeiro, traballo ou materiais, como pola súa utilización, pois víñase usando para reunións, asembleas e demais actividades por todos os colectivos de Lerez. Pero faltaba o título de propiedade que recoñecese esa lexitimidade. Vai ser a Asociación de Veciños quen comece a buscar vías de solución para a recuperación legal do edificio, iniciativa que, con máis ou menos intensidade, durou ata 1991. No decorrer deste tempo, a Asociación de Veciños tivo polo menos dúas entrevistas co Gobernador Civil e contactou con políticos de relevancia en Pontevedra como Cuña Novás e Adrio Barreiro e co PSOE; visitou o Rexistro da Propiedade, a Avogacía do Estado, o Dele-





En 1937, o Concello de Pontevedra califica indebidamente de marxista á asociación JUVENTUD LEREZANA para xustificar a incautación do seu local social

gado de Agricultura e as Cámaras Agrarias onde se celebraron catro reunións.(4) Ademais presentou instancias na Cámara Agraria Local de Pontevedra e no Ministerio de Agricultura solicitando que previos los trámites oportunos nos sea devuelta la propiedad a la parroquia de Lerez para dedicarla exclusivamente a un centro cultural recreativo. (5)

Estas xestións non acadaron o obxectivo desexado, porque o problema da reversión do local era en por si complicado, pero había outras razóns, como por exemplo, a ausencia de vontade política das autoridades e a falta de representación de todos os sectores significativos de Lerez nas reclamacións realizadas. Neste senso só houbo un intento en 1986, ó se reuniren representantes da Asociación de Veciños, da Comunidade de Montes, do Deportivo Lerez e da

Alianza Ganadera que acordaron dirixirse á gran ausente, Juventudes Lerezanas, coa finalidade de resolver a caótica situación en que se atopa o inmovible "casa da parroquia". (6) Con todo, o conxunto das accións emprendidas pola Asociación de Veciños durante este periodo de nove anos non caeron en van, senón que serviron de experiencia para o futuro.

Entre 1991 e 1995, por diversas causas, a Asociación de Veciños sofre unha parálise organizativa e funcional e, a partir de 1992, a Comunidade de Montes toma o relevo de encabezar as xestións de recuperación e uso do local. Comeza realizando varias consultas xurídicas e inténtase involucrar a todas as entidades lerezás. Desta iniciativa sairá, en 1995, a constitución da Coordinadora de Entidades Parroquias (7) que sig-

<http://cedofeita.arcanaverba.org>  
 nificou a reafirmación de que o edificio era tido como o local social da parroquia de Lerez que, en conxunto, sentíase herdeira de Juventud Lerezana. Pero sobre todo, o nacemento da Coordinadora foi o punto de unión de todos os sentires da parroquia que converxían para contribuír a dar, tal vez sen se decataren, a batalla derradeira da recuperación legal do edificio de Juventud Lerezana.

Así, cando se publica a orde de 15 de febreiro de 1996 da Consellería de Agricultura Gandería e Montes pola que se abría un prazo para a presentación de reclamacións e peticións relativas ó patrimonio resultante da extinción das antigas cámaras agrarias locais de Galicia (8), a Coordinadora, aínda que nun principio tiña como finalidade buscar fórmulas axeitadas para o uso racional do local social, repara nas vantaxes de traballar xuntos tamén para a recuperación legal do local e non dubida en solicitar da referida Consellería que o edificio Juventud Lerezana ... *revirta ós seus lexítimos donos por medio das súas entidades representativas*" (9), para o que aporta exhaustiva documentación. Lonxe de dar os froitos apetecidos, a Consellería envía á Comunidade de Montes un comunicado no que se insta a desaloxar o local e entregar as chaves do mesmo no prazo de dez días. (10) A Comunidade de Montes non está soa e van ser todas as entidades integradas na Coordinadora as que asinan escritos conxuntos que han enviar ó conselleiro de Agricultura e ó delegado da mesma consellería en Pontevedra, explicándolle o absurdo do desaloxo e a irracionalidade de non devolver legalmente o edificio. Despois de varias notas de prensa, declaracións na radio e televisión e dunha entrevista co delegado, conseguiuase deixar sen efecto o desaloxo, pero non así a devolución legal.



A Comunidade de Montes segue a buscar alternativas que leven á recuperación real do inmovible que son expostas na Coordinadora onde se debatían, en ocasións, coa presenza do avogado da propia Comunidade. Froito destas iniciativas ponse en práctica unha vía xudicial. Así, en 1997 (11), preséntase no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Pontevedra un expediente de dominio por posesión inmemorial da Alianza Ganadera Mutua de Lerez, que viña utilizando o local para reunións e asembleas desde 1956. Pero a demanda tiña poucas posibilidades de prosperar xa que a Xunta de Galicia preséntase no caso reclamando a propiedade do inmovible alegando, entre outras razóns, que en 1974 veciños de Lerez solicitaran á Hermandad



## Diario de Pontevedra

24-1-1997

### Los vecinos de Lérez exigen una reunión con Agricultura para hablar del Teleclub

Sindical de Labradores y Ganaderos de Pontevedra o uso do local (12) para utilizalo como teleclub, co que implicitamente admitían que era propiedade desta e que, por subrogacións, pasou á Comunidade Autónoma de Galicia que se tiña agora pola propietaria. A boa vontade duns homes foi utilizada perversamente para non devolver legalmente o que nos correspondía.

En 1998, a Coordinadora acorda reactivar a auténtica Sociedad Juventud Lerezana, solicitando a adaptación dos seus estatutos á lexislación vixente (13) co fin de que esta entidade, chegado o momento, puidese reclamar xudicial ou administrativamente a reversión do inmovible que lle fora incautado. Foi unha alternativa que nunca se puxo en práctica, pero non era nada desatinada, aínda que si incerta. Asemade comézase unha vía política contactando cos partidos representativos en Pontevedra. Todos mostran comprender o problema e un deles, O BNG, ofrécese para presentar na Mesa do Parlamento de Galicia unha proposición non de lei para que se *restitúa de forma urgente e gratuitamente o inmovible "local Social Recreativo de Lérez", incautado no ano 1937, á asociación Juventud Lerezana*. A proposición, debatida o 23 de outubro de 1998, tivo o apoio do PSOE, pero foi rexeitada pola maioría do partido gobernante.

A finais de 1998, a Coordinadora recibe do Concello de Pontevedra, interesado en dotar a Lérez dun centro cultural, un ofrecemento verbal no senso de que este solicitaría da Xunta de Galicia o edificio Juventud

Lerezana para cedelo á Comunidade de Montes coa finalidade de ser utilizado colectivamente polas diferentes entidades parroquiais. Tratábase unicamente da cesión do uso, posto que a propiedade seguiría a ser da Xunta de Galicia ou talvez do Concello de Pontevedra. Obviamente esta solución non interesou: o uso do edificio xa o tiñamos e non habería ninguén que nolo sacase. Lérez quería a propiedade do inmovible.

### A VÍA ADMINISTRATIVA: O CONVENIO A CATRO BANDAS

Simultaneamente a Comunidade de Montes acode a Santiago á Dirección Xeral de Patrimonio para coñecer directamente a disposición da Xunta de Galicia a respecto da nosa pretensión. Unha vez constatado que non era negativa, seguiron as reunións para tratar de buscar conxuntamente a fórmula adecuada que permitise a reversión do local á parroquia. Falábase de posibilidades e obtíñase información. Unha das cousas que máis custou entender foi saber que a incautación do edificio Juventud Lerezana era legal, a pesar de ser realizada en plena guerra civil por un estado ilexítimo. Non nos cabía na cabeza, pero así era. A reforma política de 1976 e a democracia de transición -que tanto se tivo por modélica- recoñecía a validez da legalidade e status anteriores. Polo tanto a incautación do noso local era legal e aínda o é hoxe, xa que non houbo ninguna lei que derogase as que a

## FARODE VIGO 2-10-1998

El Teleclub de Lérez es considerado un símbolo de la parroquia por los vecinos

### Lérez reconstituye Juventud Lerezana para solicitar la titularidad del teleclub

Los seis colectivos que luchan por recuperar la propiedad del local social se unen bajo el nombre de la asociación fundadora del mismo

**FARODE VIGO** 24-11-1998**El PP frena por segunda vez la devolución del teleclub a los colectivos de Lárez**

El BNG solicitó por segunda vez "la restitución urgente y gratuita del local a Juventud Lerezana"

provocaron ó seguir vixente aquela ilegalidade?, a administración pública ten que ser a primeira en respectala, quedando imposibilitada para dispoñer dos bens incautados a particulares e asociacións -distintas de sindicatos e partidos políticos- (14), que era o noso caso. Analízase, entón, a posibilidade de compra, que se desbota, e de permuta.

A Comunidade de Montes mercara uns terreos colindantes co colexio de Lárez e puxéraos a disposición das administracións autonómica e local para a construción dunha pista polideportiva cuberta, de uso preferente polo colexio, podendo ser utilizada polos veciños fóra do horario escolar e en períodos non lectivos. (15) A pista foi construída pola Consellería de Educación sen formalizarse legalmente a entrega dos referidos terreos que practicamente xa non eran da Comunidade de Montes, pero xuridicamente seguían a pertencerlle. Daquela ideouse permutar estes terreos polo edificio Juventud Lerezana.

Con esta idea, o 2 de marzo de 1999, mantense en Santiago -Consellería de Economía. Dirección Xeral de Patrimonio- unha nova xuntanza entre técnicos desta Dirección Xeral e unha representación da Comunidade de Montes acompañada do seu avogado. Estudiouse a fórmula e apareceu un atranco: os colexios non son propiedade da Xunta senón dos concellos, isto é, o colexio de Lárez é propiedade do Concello de Pon-

tevedra, non da Xunta de Galicia. Polo tanto, esta non podía xustificar legalmente unha permuta na que a Comunidade Autónoma cedese unha propiedade para adquirir outra á que ela non lle vai dar uso, senón o concello. É entón nesta mesma xuntanza cando se pensa nun convenio a catro bandas. A Xunta de Galicia permutaría co Concello de Pontevedra o edificio Juventud Lerezana por unha propiedade deste co compromiso de que, á súa vez, o Concello permuta coa Comunidade de Montes o devandito edificio polos terreos colindantes co colexio de Lárez ós que aludimos no parágrafo anterior. Era necesario, ademais que a Alianza Mutua Ganadera de Lárez renunciase ó expediente de dominio, xa mencionado, que desde o ano anterior estaba en curso. Deste xeito, regularizábanse legalmente dúas situacións de feito: o Concello de Pontevedra pasaría a ser o propietario dos terreos colindantes co colexio de Lárez, dos que viña sendo usuario e a Comunidade de Montes, usuaria do edificio Juventud Lerezana xuntamente coas demais entidades parroquiais, pasaría a ser a propietaria do mesmo.

O contido do convenio pasou por varios borradores. Un deles, o preferido pola Comunidade de Montes, era concreto e contemplaba que cada unha das partes tivese determinado que ben ía a permutar e autorización dos respectivos órganos de goberno. Deste xeito a súa formalización sería máis doada de realizar. Pero non foi así. O enfrontamento puntual co Concello a causa de que este talara árbores e colocara esculturas na illa da xunqueira do Cobo sen autorización da Comunidade de Montes retrasou a elaboración do convenio e as présas por asinalo antes das eleccións municipais (16) condicionaron o seu contido que quedou en pouco máis ca unha declaración de intencións. Pero era un camiño posible e, como tal, había que percorrelo. Así o entendeu a asemblea da Comunidade que lle

## FARODEVIGO 12-6-1999

El local de la Juventud Lerezana pasará plenamente a manos vecinales antes de mayo del 2001

### **Lérez firma la cesión del Teleclub y da su visto bueno final a la "Illa das Esculturas"**

La Xunta deberá desafectar el inmueble. La comunidad de montes niega que la parroquia esté "manipulada" y pide que "en su momento sea compensada por su colaboración con la ciudad"

deu o prace o 5 de xuño de 1999, tras a intervención dun comuneiro que propuxo permitir ó Concello a instalación de esculturas na illa da Xunqueira do Cobo a cambio de asinar un convenio para a devolución legal do edificio Juventud Lerezana.

Unha vez asinado o convenio cuatripartito (17) o 11 de xuño de 1999, a primeira tarefa que se propuxo a Comunidade de Montes, sempre en comunicación coa Coordinadora, foi conseguir que o Concello dispuxese da parcela permutable da que carecía, isto é, unha propiedade perfectamente documentada e rexistrada. O obxectivo acadouse o 24 de xaneiro de 2000, data na que o pleno do Concello aproba o correspondente expediente. Despois aínda había que respectar os prazos de información pública e rexistro para que a parcela estivese verdadeiramente disponible para permutar.

Cando vimos que o Concello de Pontevedra ía avanzando no cumprimento do establecido no convenio, apuntamos cara a Santiago. Na primeira reunión cos xuristas da Dirección Xeral de Patrimonio infórmámonos que a Xunta de Galicia ten dificultades para rexistrar o edificio a causa das anomalías e eivas da escritura de compra-venda do noso edificio outorgada pola Delegación Nacional de Sindicatos a favor da Hermandad Sindical Local de Labradores y Ganaderos de Pontevedra. Nesta escritura figura como comprador un organismo daquela inexistente: Hermandad Sindical Provincial de Labradores y Ganaderos de Pontevedra. Ademais, a Delegación Nacional de Sindicatos

non podía vender o inmueble, xa que, segundo a inscrición no Rexistro da propiedade de Pontevedra só ostentaba a posesión, non a propiedade, pois esta correspondíalle ó Estado.

Intentouse a rectificación deste erro, pero o feito de non existiren actualmente ambos organismos e de finaren os asinantes daqueles documentos facía imposible a corrección dos erros que sería o procedemento máis rápido. Por suxestión do propio rexistrador inténtase que a Cámara Agraria Provincial (suposta herdeira da Hermandad Provincial (calificativo este último que figura indebidamente na escritura) faga doazón do edificio á Xunta, deste xeito esta podería rexistralo. Pero a Cámara Provincial non ten o inmueble como propio e non está polo labor de realizar un acto que non lle corresponde. Daquela non queda máis camiño que ir a un expediente de dominio para reanudar a favor da Xunta de Galicia o tracto sucesivo interrompido.

Esta era unha vía incerta e sobre todo longa, pois significaba iniciar un expediente na Delegación da Consellería de Economía en Pontevedra, presentalo no xulgado e esperar a que este resolva. Iniciouse a elaboración do mesmo en abril de 2001 e foi presentado no Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra o 24 de setembro. O Xulgado número 4 de Pontevedra resolveu favorablemente o 6 de febreiro de 2002, de tal modo que agora a Xunta de Galicia puido rexistrar o inmueble e logo permutalo co Concello de Pontevedra.

Poñérense de acordo a ambas administracións, cos respectivos trámites internos, prazos e esperas notariais levounos ó 26 de decembro de 2002, data na que se asina a primeira permuta establecida no convenio. Por último, o Concello de Pontevedra, despois de trámites internos regulamentarios, no pleno celebrado o 29 de marzo de 2003

<http://cedofeita.arcanaverba.org>

aproba a última permuta que se realizaría ante notario o 26 de agosto de 2003, acto co que se daba cumprimento ó convenio asinado había catro anos, polo que o edificio Juventud Lerezana, con todas as bendicións legais, pasa a ser propiedade da Comunidade de Montes, para poñelo ó servizo da parroquia.

Foron catro anos de intensas xestións as que tivo que facer a Comunidade de Montes despois de asinar o convenio. Co alcalde de Pontevedra tratamos o asunto aproximadamente unha ducia de ocasións; ós concelleiros da parroquia e de patrimonio acudimos frecuentemente -houbo épocas de vitalos todas as semanas- para urxir a realización dos trámites e visitabamos reiteradamente ás funcionarias encargadas do noso asunto que nos informaban dos avances ou atrancos do proceso. En máis doutra ducia de ocasións entrevistámonos en Santiago co Subdirector Xeral de Patrimonio da Consellería de Economía da Xunta de Galicia, así como co asesor xurídico da mesma, mostrándosenos o estado das xestións, tanto nos aspectos positivos como negativos. Tamén estivemos pendentes cando se elaboraba o expediente de dominio para reanudar o tracto sucesivo interrompido, polo que visitamos o letrado da Xunta en Pontevedra en dúas ocasións. Igualmente dúas veces acudimos ó Rexistrador

da Propiedade en Pontevedra quen nos aclaraba as nosas dúbidas ó respecto. Ata o notario foi vítima das nosas *impertinencias* solicitándolle se acurtasen o máis posible os prazos de espera.

Todo iso sen contar coas reunións en Vigo co avogado da Comunidade que nos asesoraba, co que trazábase as tácticas a seguir e quen nos acompañou na maioría das reunións e entrevistas sen esquecer xestións realizadas persoalmente para levar a bo fin a tan desexada recuperación legal do noso edificio. Todos, autoridades, funcionarios, funcionarias e demais, sempre nos atenderon correctamente. A pesar de que a nós parecíannos incomprensibles tantos informes, trámites, valoracións, prazos, informacións públicas, rigores legais e un longo etcétera percibimos xeralmente profesionalidade e boa fe nas súas actuacións.

**Diario de Pontevedra** 27-8-2003

## Los colectivos de Lerez celebran la fecha histórica de la recuperación del teleclub

Los vecinos dicen que recordarán siempre el 26 de agosto de 2003 "porque vese resarcida unha inxustiza"

Todos los colectivos de Lerez estuvieron representados ayer en la firma de un acuerdo entre la comunidad de montes y el Concello, por el cual el teleclub vuelve a ser propiedad de los vecinos, a quienes fue incautado por el régimen franquista en 1936. Las directivas festejaron la fecha histórica del 26 de agosto.

J. ESTÉVEZ  
Pontevedra | "O día 26 de agosto de 2003 será recordado pola parroquia de Lerez, porque vese resarcida da inxustiza que sufríu no ano 1936". Fueron las primeras palabras que pronunció el presidente de la comunidad de montes, Jaime Iglesias González, tras la firma de un acuerdo por el cual el Concello permuta a esa entidad el viejo Local Social y Recreativo (conocido como 'el teleclub') por la parcela de 2.501 metros cuadrados en la que la Administración local construyó un pabellón polideportivo.



Un momento de la firma del acuerdo, de la que fueron testigos directivos de todos los colectivos de Lerez | MARLOY

O 26 de agosto de 2003 asinouose o documento notarial polo que a parroquia de Lerez, a través da Comunidade de Montes, recupera a propiedade do edificio JUVENTUD LEREZANA

<http://cedofeita.arcanaverba.org>

Non debemos esquecer as tarefas derivadas das infundadas pretensións de propiedade da actual Falange Española sobre o edificio Juventud Lerezana, manifestadas en pintadas, invasións do local, cambio de pechaduras da porta e notas de prensa. Fronte a eses delitos houbo que reaccionar buscando asesoramento xurídico, borrando as pintadas, denunciando os feitos, repoñendo pechaduras e reforzando interiormente portas e ventás. Obviamente a actual Falange Española, por ser creada ó abeiro da actual lei de partidos políticos, non ten ningún dereito sobre o edificio por non ser herdeira do patrimonio material da antiga Falange que, o mesmo que todas as organizacións do Movimiento Nacional, foi disolta por lei e os seus bens pasaron a ser patrimonio do Estado.

Neste punto e na totalidade do lento e complexo proceso de devolución, a Comunidade de Montes estivo en perfecta sintonía coa Coordinadora Juventud Lerezana da que recibía suxestións, coa que tomaba acordos e a quen comunicaba periodicamente as incidencias polas que ían pasando as distintas dilixencias e xestións, de tal xeito que, se ben á Comunidade de Montes lle tocou ser directamente o brazo executor do convenio, a verdadeira protagonista foi a Coordinadora onde, por medio das distintas entidades, estaba representado o sentir colectivo de toda a parroquia de Lerez. que, con este logro, ve recuperado legalmente un ben que nunca lle debeu ser arrebatado. Ademais, aqueles homes e mulleres que contribuíron dalgún modo a que este edificio fose realidade teñan hoxe o desagravio e a homenaxe polo seu traballo ben feito. Agora é necesario reformar e adecentar o edificio para adaptalo ás necesidades actuais e dedicalo a fins sociais, culturais e recreativos que, en definitiva, foi para o que o construíron os seus promotores.

#### NOTAS.

1. Acta de reunión da xunta directiva de 2 de marzo de 1982.
2. Juventudes Lerezanas constitúese o 7 de setembro de 1979 ( 50 anos despois de Juventud Lerezana). Os estatutos están datados o 27 do mesmo mes e figuran aprobados polo Goberno Civil, con rexistro número 829, segundo comunitado de 3 de outubro de 1980. Foi unha sociedade nova, diferente de Juventud Lerezana.
3. Artigo 47 dos estatutos.
4. Reunións reflectidas nas actas de sesións da Asociación de Veciños de 13 de novembro de 1986, 25 de novembro de 1988, 7 de xullo de 1989 e 27 de setembro de 1991.
5. Así consta nas solicitudes de 4 de decembro de 1987 e 8 de abril de 1988, asinadas por Manuel Pacheco Códoba, presidente da Asociación.
6. Reunión celebrada o 10 de novembro de 1986.
7. A Coordinadora de Entidades de Lerez constitúese o 8 de novembro de 1995 e nela intégranse Asociación de Veciños, Comunidade de Montes, Club Deportivo Lerez, Alianza Ganadera, Asociación Cristo del Consuelo e Asociación Cedofeita.
8. DOG do 29 de febreiro de 1996. O edificio Juventud Lerezana figuraba no inventario de propiedades da Cámara Agraria Local de Pontevedra.
9. Escrito asinado por todas as entidades integrantes da Coordinadora o 8 de marzo de 1996.
10. A notificación está datada o 7 de novembro de 1996.
11. O documento leva data de 22 de setembro de 1997.
12. Solicitud asinada por Antonio Odriozola Pietas o 28 de novembro de 1974.
13. A Coordinadora acorda revitalizar a xenuína Juventud Lerezana o 11 de agosto de 1998 para o que se presenta no organismo competente a adaptación á lexislación vixente dos seus estatutos orixinais de 2 de maio de 1929.
14. Leis 4/1986 de 8 de xaneiro e 43/1998 de 15 de decembro respectivamente.
15. As seis parcelas que conforman a totalidade do terreo foron adquiridas entre 1990 e 1993. Con esta adquisición a Comunidade de Montes cumpría os fins sociais establecidos nos artigos 4 e 22.2 da lei 13/1984 de 10 de outubro.
16. As eleccións municipais celebráronse o 13 de xuño de 1999.
17. Asinaron o convenio a Xunta de Galicia, o Concello de Pontevedra, a Alianza Ganadera Mutua de Lerez e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Parroquia de Lerez.